

- Paréceme unha boa idea, estou desexando poñela en práctica! Andreia, podo volver xa ao meu castelo?

- Si, Draco, pero lembra todo o que aprendiches no Aloia.

- Non me esquecerei do que aprendín aquí, Andreia! Penso practicar todo o que me ensinaches para que nunca máis me volva enfadar así con ninguén.

Andreia sorriu, despediuse de Draco e pediulle que pechara os ollos.

- Podes volver ao Aloia cando o necesites Draco, estaremos esperándote! Que teñas boa viaxe de volta!

A fada, cun xesto rápido, botou un pouco de po máxico sobre Draco, e este desapareceu do bosque e reapareceu no castelo.

